

Décimo primeira.-*Réxime xurídico e resolución de controversias.*

1. Este protocolo xeral é de carácter administrativo, dos recollidos no artigo 4.1º c) da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e realízase ao abeiro do establecido no artigo 6.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. As cuestións litixiosas a que poida dar lugar a intervención, modificación, efectos ou resolución deste convenio deberán resolverse de mutuo acordo entre as partes, a través da comisión de seguimento. Se non fose posible alcanzar un acordo, serán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto no artigo 8.3º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Décimo segunda.-*Publicación.*

Esta protocolo xeral será publicado no BOE e no *Diario Oficial de Galicia*.

E en proba de conformidade con canto antecede, as partes deciden subscribir este protocolo xeral de colaboración, en tres exemplares orixinais igualmente válidos, no lugar e na data arriba indicados.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 20 de marzo de 2009 pola que se convocan para o exercicio orzamentario de 2009 as axudas para fomentar a produción de produtos agroalimentarios de calidade de orixe animal.

Mediante a Orde do 3 de marzo de 2008 (DOG nº 49, do 10 de marzo), a Consellería do Medio Rural estableceu as bases reguladoras para a concesión de subvencións para fomentar a produción de produtos agroalimentarios de calidade de orixe animal, de acordo co establecido no Real decreto 1615/2007, do 7 de decembro, polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para fomentar a produción de produtos agroalimentarios de calidade de orixe animal (BOE nº 304, do 20 de decembro).

En consecuencia, de acordo co disposto no artigo 30.I.3º do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confire a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

O obxecto desta orde é convocar, para o exercicio orzamentario 2009, as axudas para fomentar a pro-

dución de produtos agroalimentarios de calidade de orixe animal cuxas bases foron aprobadas mediante a Orde do 3 de marzo de 2008.

Artigo 2º.-*Convocatoria das axudas.*

Convócanse para o exercicio orzamentario 2009, en réxime de concorrencia competitiva, as axudas para fomentar a produción de produtos agroalimentarios de calidade de orixe animal, sendo as súas bases reguladoras as contidas na Orde do 3 de marzo de 2008.

A finalidade desta liña de axudas é incentivar a aplicación de sistemas de control da rastrexabilidade para aqueles operadores que apliquen programas de produción de produtos agroalimentarios de calidade de orixe animal que impliquen a todas e cada unha das fases de produción e comercialización, mediante a contribución ao financiamento dos gastos derivados da asistencia técnica necesaria para o desenvolvemento e posta en funcionamento destes sistemas, así como de certos gastos que supoñen a súa implantación, entre eles os custos derivados da realización de controis de calidade efectuados por terceiros.

Artigo 3º.-*Solicitudes e procedemento de xestión.*

As solicitudes, documentación, condicións e procedemento de xestión das axudas serán as recollidas na Orde do 3 de marzo de 2008, pola que se estableceron as bases reguladoras destas axudas. Como anexos a esta orde inclúense o modelo de solicitude (anexo I) e a declaración sobre outras axudas (anexo II).

Artigo 4º.-*Prazo de presentación de solicitudes.*

O prazo de presentación de solicitudes para esta convocatoria rematará o día 1 de maio de 2009.

Artigo 5º.-*Financiamento das axudas.*

As axudas concedidas financiaranse con cargo aos orzamentos da Consellería do Medio Rural para o ano 2009, na aplicación orzamentaria 11.03.713D.7810, cunha dotación de 125.000 € e con fondos transferidos do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño, de acordo co previsto no Real decreto 1615/2007, do 7 de decembro.

Disposicións derradeiras

Primeira.-*Disposición de desenvolvemento.*

Facúltase o director xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria para ditar as disposicións que sexan necesarias para a aplicación desta orde.

Segunda.-*Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2009.

Alfredo Suárez Canal
Conselleiro do Medio Rural



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO I

PROCEDEMENTO AXUDAS PARA FOMENTAR A PRODUCCIÓN DE PRODUTOS AGROALIMENTARIOS DE CALIDADE DE ORIXE ANIMAL	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR306A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

NOME		CIF/NIF	
DOMICILIO SOCIAL		PROVINCIA	
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

E na súa representación:

NOME	NIF
------	-----

DESCRIBIÓN DA ACTIVIDADE OBXECTO DA SOLICITUDE DE AXUDA

TÍTULO:	ORZAMENTO:
OBXECTO:	

SOLICITA que lle sexan concedidas para a actividade indicada as subvencións establecidas na orde de axudas para fomentar a produción de produtos agroalimentarios de calidade de orixe animal.

Quen abaixo asina DECLARA QUE: presta expresamente o seu consentimento para que, de acordo co establecido nos números 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 20 de marzo de 2009 pola que se convocan para o exercicio orzamentario de 2009 as axudas para fomentar a produción de produtos agroalimentarios de calidade de orixe animal.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO REVISADO E CONFORME	NÚMERO DE EXPEDIENTE DATA DE ENTRADA DATA DE EFECTOS DATA DE SAÍDA
SINATURA DO SOLICITANTE OÙ REPRESENTANTE LEGAL _____, de _____ de _____ Conselleiro do Medio Rural		

ANEXO II

DECLARACIÓN SOBRE OUTRAS AXUDAS

, con DNI ,
 como representante de , con CIF ,
 e enderezo

DECLARA:

Que en relación coa orde da Consellería do Medio Rural, do sobre axudas para fomentar a produción de produtos agroalimentarios de calidade de orixe animal, solicitou (no caso de estar concedida, indicalo) para os gastos obxecto deste expediente de subvención axudas a través de:

Ningunha outra axuda.

E para que conste, para os efectos oportunos, asina esta declaración.

_____ , de _____ de _____

Asdo:

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

Decreto 61/2009, do 12 de marzo, polo que se declara ben de interese cultural, coa categoría de sitio histórico, a casa familiar de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao na vila coruñesa de Rianxo.

Resulta innecesario argumentar sobre a significación da figura de Castelao no acontecer de Galicia na primeira metade do século XX e a súa influencia nos tempos seguintes e incluso no presente, dignificando canto conforma a identidade do pobo galego a través dunha obra que abrangue aspectos gráficos, artísticos, literarios, etnográficos e fundamente políticos. O que si importa subliñar é que en todo este acontecer a casa familiar de Rianxo significou o punto de ida e permanente retorno, o lugar que foi entendido popularmente como un santuario de galeguidade, e así se entendeu sempre nos ámbitos culturais e sociais de Galicia.

As liñas principais da biografía de Castelao son ben coñecidas. Sábese que morou de forma permanente na súa vila natal ata os nove anos de idade, logo un ou dous anos máis na súa adolescencia, e finalmente cinco anos nos inicios do exercicio da súa actividade profesional. Porén, iso non tolda o feito da profunda identificación sentimental de Castelao coa vila de Rianxo, da que deixou expresivas mostras na súa obra plástica e literaria. Por tanto, a íntima asociación do «xenial rianxeiro» coa súa vila

natal ten un fundamento basicamente sentimental e simbólico, e non repousa no tempo de residencia efectiva na localidade. Así pois, nada empece en absoluto para que tal ligazón sexa unanimemente recoñecida, sen mingua do carácter galego emblemático da súa obra e figura.

É certo que o inmovible non é o lugar de nacemento de Castelao nin o da súa morte, e que hai outros lugares nos cales viviu tanto tempo ou máis que neste, pero é igualmente verdade que ningún dos outros domicilios que se conservan reúne as condicións deste, que permaneceu baixo propiedade e uso da familia de maneira ininterrompida durante case un século, sen que apenas mudase por dentro desde os anos anteriores á Guerra Civil, polo que conserva fielmente a fasquía e o ambiente das casas vilegas de clase media do primeiro terzo do século XX, neste caso nun ámbito de vila mariñeira.

En toda a súa vida adulta ata o ano 1936, Castelao realiza frecuentes visitas e estadias en Rianxo por razóns familiares e tamén políticas, durante as cales se aloxa na casa familiar, onde dispuña de cuarto propio para el e a súa familia. É especialmente lembrada a súa presenza no ano 1918, co gallo da terrible epidemia de gripe, durante a que volveu exercer a medicina en Rianxo. En conclusión, é indubidable que o domicilio familiar constituíu a súa referencia fixa na súa vila natal e que, consecuentemente, existía unha estreita identificación, privada e pública, de Castelao con aquel.